

## Ruta da Ribeira

1. Santa María de Pesqueiras
2. San Salvador de Asma
3. Santa María de Camporramiro
4. Santa María de Nogueira de Miño

## Ruta do Interior

5. Santa María de Arcos
6. San Paio de Muradelle
7. San Martiño de Mariz
8. San Cristovo de Fornas
9. San Salvador de Brigos

## Ruta da Montaña

10. San Miguel do Monte
11. San Vicente de Argozón
12. San Cristovo de Mouricios
13. Santiago de Requeixo
14. Santa María de Bermún



visuala.

**N**o municipio de Chantada maniféstanse diferentes etapas cronolóxicas do románico rural. O seu rico patrimonio abarca desde as primeiras pegadas prerrománicas ata o apoxeo do estilo a través dos discípulos do mestre Mateo.



Praza do Cantón, 1  
27500 Chantada (Lugo)  
Tel. 982 44 00 11

**Oficina de Turismo**  
Praza do Mercado, s/n  
27500 Chantada (Lugo)  
Tel. 982 44 17 52



LU 59-2022

[www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org)  
[turismo@concellodechantada.org](mailto:turismo@concellodechantada.org)



# Chantada Románico en ruta

R Ribeira

I Interior

M Montaña

# Ruta da Ribeira

## 1. Santa María de Pesqueiras

(42.6304 -7.7288)

A igrexa de Pesqueiras é un claro exemplo do románico tardío do século XIII. Xunto ao templo existía un mosteiro de monxas bieitas do que non se conservan restos, aínda que si abundante documentación. Urraca Yáñez é a primeira rexente coñecida a mediados do século XIII e Inés Guitián a última, trala ane-xión a San Paio de Anteal-tares (Santiago de Com-postela) no 1499.

Presenta cabeceira semicircular e unha única nave. A súa fachada foi reconstruída con posterioridade. A portada sur exhibe decoración de clara filiación mateana, moi semellante a Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao).

No interior destacan as pinturas murais da cabeceira datadas no século XVI. Nelas represéntase a Anunciación, a Resurrección de Cristo e o Xuízo Final.

## 2. San Salvador de Asma

(42.6014 -7.7630)

Igrexa románica do século XII e mosteiro reedificado nos séculos XVII e XVIII. San Salvador foi fundado no século X como cenobio dúplice familiar. Dous séculos despois acóllese á regra bieita e, en 1496, incorpórase á Congregación de San Bieito de Valladolid.

Conserva cabeceira e nave única románica. A fachada principal foi reformada posteriormente. A portada sur de acceso ao claustro foi cegada trala desamortización.

Ademais, no muro norte consérvase parte dunha ventá prerrománica reutilizada co mesmo fin. A cabeceira exhibe diversa decoración zoomorfa e antropomorfa: aves, grifóns, cuadrúpedes e, incluso, varios capiteis nos que se representa a Sansón desqueixando ao león.

No interior destaca o retablo maior de estilo renacentista coa figura de San Salvador no centro e escenas da infancia de Cristo.

## 3. Santa María de Camporramiro

(42.5920 -7.7494)

No seu atrio descubríronse varias sepulturas antropomorfas que delatan a existencia dun templo anterior ao actual.

A igrexa segue o patrón do románico rural galego, no que se manifestan dúas etapas construtivas do século XIII. Na súa cabeceira recta observamos a delicada talla dun taller de filiación mateana e na portada, de casetóns, a pegada de Santa María de Castelo (Taboada).

## 4. Santa María de Nogueira de Miño

(42.5563 -7.7141)

Templo románico de finais do século XII, con fachada reconstruída no século XVIII e torre campanario da mesma época. Presenta cabeceira recta con ventá completa ricamente adornada e nave única con cuberta a dúas augas. O muro sur conserva a portada románica, con tímpano decorado sobre dúas ménsulas zoomorfas.

Na cornixa sur obsérvase unha serpe ou anguía que persegue un peixe e variados canzorros con decoración animal e xeométrica.

O seu interior atesoura fermosas pinturas murais de estilo flamenco e manierista, realizadas por diversos mestres ao longo dos séculos XV e XVI. A policromía cobre por completo a cabeceira e a nave. Entre outras escenas represéntase o Xuízo Final, a Resurrección de Cristo, a Asunción, a Anunciación, a Oración no Horto, a Prendemento e a Flaxelación.



# Ruta do Interior

## 5. Santa María de Arcos

(42.6596 -7.8079)

O Templo conserva a portada lateral de estilo románico de finais do século XII. Consta dunha única arquivolta sobre columnas de fustes monólitos e capiteis vexetais.

## 6. San Paio de Muradelle

(42.6381 -7.8275)

A igrexa sufriu constantes reformas que alteraron a súa fábrica románica de finais do século XII. Dela conserva dúas portadas e a pía bautismal.

Na fachada occidental ábrese a porta principal enmarcada por unha arquivolta lixeiramente peraltada. Esta apoiase sobre columnas ornadas con follas e con dous grifóns moi similares aos situados en Fornas e Brigos. Na parte central localízase un tímpano semicircular decorado con tres figuras sobre un fondo de estrelas. Todos os personaxes portan túnica e auréola do mesmo modo que na igrexa de Requeixo.

## 7. San Martiño de Mariz

(42.6390 -7.7997)

O pasado románico da igrexa de Mariz queda manifesto na súa portada lateral. Presenta unha única arquivolta con chambrana axadrezada, tímpano liso e dúas columnas ornadas con sinxelos capiteis de follas.

## 8. San Cristovo de Fornas

(42.6248 -7.7762)

O topónimo de Fornas ten orixe nunha sepultura antropomorfa dobre localizada nesta parroquia.

A igrexa presenta nave única e cabeceira recta, na que se localiza unha ventá completa con dous capiteis zoomorfos ornados, un cunha ave e o outro con dous grifóns afrontados. Destaca tamén a súa portada occidental, cun tímpano no que aparece gravada unha inscrición.

No interior, un gran arco triunfal con chambrana axadrezada apoia o seu peso

sobre dúas robustas columnas embebidas. Un dos seus capiteis reitera o motivo zoomorfo exterior con grifóns afrontados, mentres que o seu oposto exhibe dous cuadrúpedes.

## 9. San Salvador de Brigos

(42.5974 -7.7945)

A súa fábrica consta de nave única e cabeceira recta. Baixo a cornixa atopamos variados canzorros zoomorfos, antropomorfos, xeométricos e vexetais.

A portada principal conserva a esencia románica. Consta dunha única arquivolta enmarcada por unha moldura axadrezada e capiteis, ornado un con grifóns e o oposto con dúas aves e unha figura humana.

O interior atesoura un arco triunfal sobre robustas columnas decoradas con capiteis vexetais.



▲ San Salvador de Brigos

▼ San Paio de Muradelle



# Ruta da Montaña

## 10. San Miguel do Monte

(42.6681 -7.8731)

A obra é atribuída ao mestre Pelaxio, quen traballa a finais do século XII noutras igrexas da zona como Taboada dos Freires (Taboada).

O templo presenta nave románica e cabeceira completamente reedificada. Destaca a portada sur e o seu tímpano, decorado cunha escena xograresca realizada en baixorrelevo cunha figura humana sobre un cuadrúpede portando unha fídula. Completan a escena dous personaxes de menor tamaño que tocan unhas castañolas e un pandeiro ao mesmo tempo que danzan.

## 11. San Vicente de Argozón

(42.6603 -7.8705)

Templo románico do século XII cunha nave única e cabeceira recta. A nave sufriu alteracións nas súas dúas portadas, conservándose íntegra a ábsida, con sinxelos canzorros e unha ventá completa ricamente decorada con capiteis zoomorfos, semellantes aos vistos en Muradelle ou Fornas.

## 12. San Cristovo de Mouricios

(42.6310 -7.8517)

Igrexa románica do século XII levemente modificada na súa fronte e cabeceira. A fachada principal presenta unha arquivolta sobre columnas decoradas con motivos antropomorfos e vexetais. No muro sur localízase a segunda porta do templo, estreita e flanqueada por dúas ménsulas xeométricas.

No interior dispónse o arco triunfal, ornado con moldura axadrezada, e pinturas datadas no século XVII.

## 13. Santiago de Requeixo

(42.6130 -7.8650)

A actual freguesía de Requeixo foi en época medieval unha vila emprazada na parroquia de Villaiuste.

O seu templo construíuse no século XII con nave única, reedificada con posterioridade, e cabeceira semicircular. A ábsida románica exhibe columnas decoradas con motivos vexetais, zoomorfos e antropomorfos debedores de San Salvador de Asma. Nos muros da nave dispóñense variados canzorros de diferente labra. E, no lateral sur, un tímpano semicircular que posiblemente proceda da desaparecida fachada románica. Presenta tres figuras ataviadas con túnica, cuxa factura é diferente á cabeceira e, quizais, dun momento construtivo anterior.

O seu interior atesoura canzorros historiados e pinturas murais de dous períodos diferentes. A capa superior de policromía data do século XVI e nela represéntase a Xénese en vivas cores.

## 14. Santa María de Bermún

(42.5789 -7.8779)

A súa fábrica románica mostra nave única e cabeceira recta con fiestra completa ao leste, cuxa decoración se asemella ao vano de Argozón. A portada principal exhibe un tímpano de aspecto arcaizante e columnas ornadas cun rostro humano, aves e un cuadrúpede.

No seu interior encontramos baixo o arco triunfal elaborados capiteis, decorados con cuadrúpedes enlazados e ao profeta Daniel no foxo dos leóns, representación tamén analizada en Requeixo.



Santa María de Bermún



◀ San Vicente de Argozón